



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE
MÚSICA DA CORUÑA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Modelo MD71PLA01

Proxecto Educativo

Conservatorio Profesional de Música da Coruña

Aprobado en Consello Escolar (xaneiro 2024)



ÍNDICE

1.	Descrición do contorno social, cultural e económico	3
1.1	Distribución do CMUS	5
1.2	Información xeral do CMUS	5
1.2.1	Medio humano	6
2.	Obxectivos do Conservatorio	8
2.1	Dar resposta ás necesidades de ámbito pedagóxico	8
2.2	Dar resposta ás necesidades de mellora profesional	9
2.3	Dar resposta ás relacións no interior	9
2.4	Promover o uso do galego	9
2.5	Promocionar a igualdade entre homes e mulleres	10
3.	Medidas e recursos de organización e de xestión	11
3.1	Para o ámbito pedagóxico	11
3.2	Para a mellora profesional	12
3.3	Para as relacións no interior	12
3.4	Para o uso do galego	13
3.5	Para a igualdade	13
4.	Relacións con institucións, organismos ou entidades	14
5.	Oferta formativa	15
5.1	Estudos de Grao Elemental	15
5.2	Estudios de Grao Profesional	16
6.	Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico	21
7.	Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas	21
8.	Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción das ensinanzas	22
9.	Directrices para o funcionamento adecuado das titorías	24
10.	Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e xestión do centro	26
10.1	Dos proxectos pedagóxicos	26



10.2	De funcionamento.....	27
10.3	De xestión.....	28
11.	Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación	29
12.	Proxecto lingüístico	29
12.1	Proxecto Lingüístico Sección Bilingüe	29
13.	Plan de internacionalización	29

1. Descrición do contorno social, cultural e económico

O Conservatorio Profesional de Música da Coruña é unha institución pública de ensino musical de grao elemental e profesional, dependente da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria.

Conscientes da importancia e influencia do Conservatorio no eido cultural e educativo da cidade e de Galicia, dende a comunidade educativa mantemos un forte compromiso coa nosa cultura, cos nosos artistas e coas novas tecnoloxías, poñendo á vosa disposición os contidos educativos no noso sitio web.

Ademais da actividade docente da ensinanza de música, no Centro realízanse diferentes actividades, tanto extra-escolares coma complementarias no propio centro, co obxectivo de completar a formación do alumnado, e de conseguir que sexan un foco relevante de dinamización cultural e social: concertos, conferencias, cursos de especialización, viaxes formativas, etc.

Este Conservatorio conta con varias agrupacións, das que cabe salientar:

A Orquestra Sinfónica, a Orquestra Xuvenil, as dúas orquestras infantís de grao elemental, a Banda Sinfónica, a Banda Xuvenil, a Banda Infantil, o Coro de Grao Profesional, o Coro Infantil, o Ensemble NEE, as dúas agrupacións de percusión e un Ensemble de guitarras e arpas.

Así mesmo, ten todos os anos unha ampla oferta de clases colectivas en todos os cursos do grao elemental en practicamente todas as especialidades, favorecendo así que a preparación do alumnado sexa máis completa e integradora.

O empeño da comunidade educativa na formación do noso alumnado non só se centra no ensino musical e artístico, senón que pretende inculcar no mesmo valores tan importantes nos momentos en que vivimos como a solidariedade, a igualdade, a non discriminación, etc. que se ve reflectido nas distintas colaboracións realizadas, como os actos do día da muller e o día contra a violencia de xénero, organizados polo concello coruñés, e os concertos solidarios en colaboración con entidades como a Cociña Económica, as ONG Equus Zebra, Intermon Oxfam e Terra de Homes, a Asociación de



Parálise Cerebral da Coruña , Aspronaga, o maratón a favor de Haití en colaboración coa Cruz Vermella, o Banco de Alimentos Rías Altas, Down Coruña, etc.

Este Conservatorio pretende estar sempre en constante evolución pedagóxica e froito deste traballo, podemos congratularnos de que cristalizou, e xa estamos na XVII edición do concurso de solistas, enfocado a dar a oportunidade ao noso alumnado de participar como solista nas distintas agrupacións do centro.

O noso Centro sinte a preocupación pola integración social das persoas con necesidades educativas especiais. Desde o ano 2009 acariñaba a idea de poñer en marcha unha iniciativa específica e pioneira na nosa comunidade autónoma: achegar a vivencia e o goce da música ás persoas con NEE que tivesen aptitudes musicais; persoas estas que, habitualmente, non adoitan ter fácil acceso a bens culturais como é o caso da educación musical.

No Conservatorio temos o pleno convencemento de que, aínda que o grao de predisposición cara á música é diferente en cada persoa, ninguén está incapacitado para a música: para o goce da música non existen limitacións, nin barreiras. Na concepción da música como medio de expresión e de comunicación, entendemos o traballo coas persoas con discapacidade como un medio de potenciar neles tanto o seu goce persoal como a súa inserción social.

Dito proxecto veu a luz coa publicación da *Orde do 16 de decembro de 2011 pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, dun proxecto para a incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais as ensinanzas elementais de música no Conservatorio Profesional de Música da Coruña*. O esforzo diario de cada un dos e das docentes deste centro, fai posible que formemos aos/ás profesionais do futuro, garantindo a súa cualificación a través dunha formación artística integral de calidade.

Así mesmo, segundo a *Orde do 14 de xullo de 2014 pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües de lingua inglesa en conservatorios profesionais de música de Galicia*, foi implantada desde entón neste Centro con moi boa acollida por parte da comunidade educativa en xeral. De feito, as



incorporacións na sección crecen ano tras ano, tanto por parte do profesorado como do alumnado.

1.1 Distribución do CMUS

O actual Conservatorio é un edificio construído cos estándares necesarios en canto a condicións de illamento acústico, materiais e superficie que se precisan para as ensinanzas instrumentais de música. En canto os espazos docentes, conta cun total de 31 aulas de ensinanza instrumental para unha ratio de 1/1; 11 aulas de clases de grupo; 2 aulas polivalentes para a práctica das agrupacións; 1 aula de percusión; un auditorio con capacidade para 230 persoas; 22 aulas de estudo para uso do alumnado e clases instrumentais; unha sala de docentes, unha sala para o uso do alumnado, despachos de administración e dirección, conserxería, e un garaxe para a utilización do persoal que traballa no Centro. Igualmente compre destacar a dispoñibilidade do servizo de biblioteca, situado nunha sala ampla e iluminada con capacidade para 60 postos de lectura, e onde se poden consultar e solicitar préstamo de fondos especializados ou escoitar gravacións; así mesmo consultar o catálogo de fondos a través da persoa responsable da biblioteca.

1.2 Información xeral do CMUS

- Horario de utilización das instalacións:

A xornada lectiva do Conservatorio esténdese dende as 9:00 horas ata as 22:00 horas de luns a xoves. Os venres a xornada lectiva remata as 21:00 horas.

- Oferta educativa:

Acordeón, Arpa, Baixo Eléctrico, Canto, Clarinete, Clave, Contrabaixo, Fagot, Frauta, Guitarra, Guitarra Eléctrica, Óboe, Percusión, Piano, Saxofón, Trombón, Trompa, Trompeta, Tuba, Viola, Violín, Violonchelo.

1.2.1 Medio humano

1.2.1.1 O profesorado

O cadro de persoal docente está integrado por profesores/as de procedencia e idade moi diversa, sendo unha característica fundamental dunha boa parte deles/as a súa dobre proxección nos terreos docente e artístico, aportando esta última unha gran importancia para o prestixio do Centro e para os coñecementos e formación que poden transmitir ao alumnado.

O Claustro está formado por 81 profesores e profesoras, distribuídos/as nas seguintes especialidades e departamentos:

DEPARTAMENTOS	MATERIA(S)	Nº PROF.
Canto	Canto, Idiomas Aplicados o Canto	3
Música Antiga	Clave, RTA	1
Corda Pulsada	Arpa, Baixo Eléctrico, Guitarra, Guitarra Eléctrica, It. Interpretación, Op. Improvisación, Op. Introducción ao Jazz, RTA	6
Linguaxe Musical	It. Pedagogía, Linguaxe Musical	11
Vento Madeira	Clarinete, Fagot, Frauta Traveseira, Óboe, Saxofón	12
Corda	Contrabaixo, Viola, Violín, Violoncello, Op. Música Tradicional	14
Fundamentos de Composición	Análise, Harmonía, Historia da Música, It. Composición, Itinerario Musicoloxía, N. tecnoloxías Aplicadas á Música, Op. Música nos Medios Audiovisuais	6
Vento Metal	Trombón, Trompa, Trompeta e Tuba	6
Percusión	Percusión	2
Conxunto	Coro, Orquestra, Música de Cámara e Conxunto	22
Tecla	Acordeón, Piano, Piano Complementario	18
Piano Acompañante	Piano Acompañante	7



1.2.1.2 O alumnado

Actualmente estudan no noso centro 721 alumnos e alumnas que proveñen de toda a provincia da Coruña, aínda que a maior parte deles/as proceden da propia cidade e de municipios colindantes á mesma. Deles/as, 348 están matriculados no grao elemental e 373 cursan estudos de grao profesional.

A maioría deles/as cursan a ensinanza obrigatoria nos colexios da zona, aínda que existen exemplos de alumnos/as que cursan soamente as ensinanzas de música. En xeral proceden tanto da ensinanza privada como da pública, aínda que inclinándose a balanza cara esta última.

Temos neste momento alumnado ucráino, co que nos temos que comunicar maiormente en lingua inglesa, pero a parte destes casos illados non existe incidencia significativa de alumnado que requira un trato diferenciado por ter una lingua distinta, pertenza a familias desestruturadas, ou en risco de exclusión social.

Destacar que neste Conservatorio hai en funcionamento un proxecto de innovación educativa e pioneiro na nosa comunidade para a incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais ao grao elemental. Ademais deste alumnado o Conservatorio en colaboración coa ONCE ten escolarizados este ano a unha alumna e un alumno invidentes.

Dende o curso 2014/15 tense autorizado por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a posta en marcha con carácter experimental doutro proxecto innovador: a Sección Bilingüe de lingua inglesa que soamente se imparte noutros dous conservatorios da nosa comunidade. Con este proxecto o que se consegue é que o alumnado que así o desexe, e dentro das especialidade que oferta o Centro, reciba as súas clases na lingua inglesa, cara a conseguir unha maior proxección internacional formativa e profesional. Está a ter unha gran aceptación por parte de toda a comunidade educativa, e cada ano máis profesorado forma parte da sección.

Debido ás características dos estudos musicais o rango de idades do alumnado do centro é moi amplo: desde os 7 ata os 35 anos.



2. Obxectivos do Conservatorio

Os obxectivos do Centro están orientados cara os seguintes aspectos: dar resposta ás necesidades do seu contorno, promover o uso da lingua galega, promover a igualdade entre mulleres e homes, e para a propia mellora do Conservatorio en xeral, establecendo ademais as prioridades de actuación.

O Conservatorio Profesional de Música da Coruña pretende ser un centro aberto, innovador e con visión de futuro, cunha estrutura axeitada aos cambios, ás necesidades e demandas sociais, cun clima de traballo positivo que favoreza as relacións humanas, onde se potencie a corresponsabilidade educativa e se respecten as diferenzas ideolóxicas, relixiosas, culturais, etc., para acadar un Centro tolerante e participativo. Ademais téntase contribuír ao pleno desenvolvemento da personalidade do/a alumno/a no ámbito persoal, familiar, social, intelectual, etc., favorecendo a súa autoestima como medio axeitado para o desenvolvemento das súas capacidades e do seu espírito crítico.

Atendendo a estes aspectos os obxectivos do Centro irán encamiñados a:

2.1 Dar resposta ás necesidades de ámbito pedagógico

1. Conseguir que o alumnado do Centro remate os seus estudos acadando un bo nivel musical que lle permita enfrontarse aos estudos superiores ou desenvolver actividades de carácter profesional.
2. Estimular, animar e cultivar no noso alumnado a creatividade e a sensibilidade artística.
3. Favorecer a motivación do alumnado.
4. Fomentar a creación de grupos instrumentais dentro e fóra do Centro, dende o ámbito pedagógico.
5. Organizar actividades musicais dirixidas á participación do alumnado e do profesorado.



2.2 Dar resposta ás necesidades de mellora profesional

1. Promover a formación permanente dos e das profesionais do Centro, establecendo relacións cos organismos dedicados a esta labor (centros de formación do profesorado e investigación educativa e servizos de formación permanentes da Xunta, MEC, etc.) e organizando, dentro do posible, quendas de horarios compatibles coa oferta formativa.
2. Fomentar a colaboración con institucións relacionadas coa divulgación da música facilitando a participación como intérpretes de alumnado e profesorado do Centro e a súa asistencia aos concertos e actividades programadas polas mesmas.

2.3 Dar resposta ás relacións no interior

1. Organizar actividades de todo tipo que fomenten as relacións humanas e sociais entre profesorado e alumnado.
2. Propiciar un bo clima de traballo para fomentar a creatividade da comunidade educativa.
3. Exercitar un clima de comunicación fluído e distendido entre toda as persoas e colectivos do Centro.

2.4 Promover o uso do galego

1. Activar accións e dinámicas cara á mellora das actitudes da comunidade educativa respecto á lingua galega.
2. Galeguizar o uso escrito no Centro (comunicacións externas e internas, documentación, material didáctico, impresos, etc.).
3. Propoñer actividades que melloren as actitudes lingüísticas da comunidade educativa que potencien o uso do galego en todo os contextos: campañas publicitarias, conferencias, actividades culturais, concertos, etc.
4. Promover o incremento no uso oral e escrito por parte dos membros da comunidade educativa, incidindo:



- Na especial responsabilidade do profesorado no proceso de dignificación da lingua como modelo lingüístico diario de referencia do alumnado.
 - No papel fundamental da práctica do ensino en galego por parte do profesorado como medida contra o auto-odio e o complexo de inferioridade dos galego-falantes.
5. Establecer accións de normalización que fomenten a autoestima cara á lingua galega dos pais e nais –especialmente os galego-falantes- co obxectivo de evitar a negación da propia lingua na transmisión aos fillos e ás fillas.
 6. Colaborar co Equipo de Dinamización Lingüística no desenvolvemento das súas accións de animación lingüística.
 7. Presentar actitudes e accións xerais favorables ao desenvolvemento e ao progreso educativo do ensino en galego que fagan da galeguización un sinal de identidade e calidade educativa do Centro.

2.5 Promocionar a igualdade entre homes e mulleres

Segundo ou artigo 23 e 24 da *Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*, o sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

1. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.
2. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:



- a. A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.
- b. A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.
- c. A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- d. A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- e. A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Para facilitar o cumprimento destes obxectivos, o Centro conta desde o curso 2022/23 coa Coordinación de Igualdade, que desenvolve actividades encamiñadas a cumprir cos obxectivos anteriormente citados ademais de contribuír á visibilización da muller como compositora e intérprete no mundo da música (proxecto accesible na web do Centro).

3. Medidas e recursos de organización e de xestión

3.1 Para o ámbito pedagóxico

- 1. A busca dunha educación de calidade onde a ensinanza non sexa algo meramente transmisivo, senón un proceso activo-creativo, tendo en conta a diversidade dos seus intereses, características e situacións persoais.
- 2. O fomento da creatividade, intentando que o alumnado sexa axente do seu



propio proceso de ensinanza-aprendizaxe.

3. O fomento dunha ensinanza-aprendizaxe que inclúa todos os aspectos inherentes ao feito musical como fenómeno histórico-cultural, permitindo un desenvolvemento acorde co carácter humano necesario para a formación integral do músico, fomentando a tolerancia, participación e sentido crítico construtivo.
4. A acción tutorial debe ofertar unha atención personalizada paralela a unha axeitada programación na que se informe a pais, nais e alumnado sobre as características do ensino musical.
5. As actividades complementarias e extraescolares (cursos con profesorado de prestixio, concertos, intercambios etc.) deben formar parte da formación do alumnado.

3.2 Para a mellora profesional

1. A organización de cursos de formación para o profesorado, grupos de traballo, programas etc., manterán en constante actualización a este colectivo.
2. O fomento do traballo en grupo cunha dinámica de respecto e tolerancia. A participación entre os membros da comunidade educativa creará un clima positivo e de cooperación.
3. A promoción da acción tutorial do profesorado que permitirá que o alumnado se integre de forma máis efectiva na comunidade educativa.
4. As relacións co profesorado doutros centros facilitará o intercambio de experiencias e a participación en actividades conxuntas.

3.3 Para as relacións no interior

1. Cordialidade, respecto e confianza entre as persoas que conviven no centro así como o respecto ás instalacións, mobiliario, e material propio, alleo ou colectivo.
2. As actitudes positivas tanto do alumnado como do profesorado cara o estudo das distintas materias.



3. A contribución á educación, no respecto cara os demais, no traballo colectivo, no compañeirismo e na crítica construtiva.
4. A comprensión dos problemas e modos de pensar dos demais, empatizando con eles/as.
5. Desenvolvemento da conciencia persoal e social do alumnado, formando persoas sans e equilibradas.
6. A prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, a non violencia en todos os ámbitos da vida.

3.4 Para o uso do galego

1. Considerar a diversidade lingüística como un fenómeno positivo e enriquecedor da sociedade.
2. Procura do emprego do galego na documentación do Centro, escritos oficiais, información, impresos etc.
3. O apoio ás actividades propostas dende o EDLG ou outras que potencien o uso da lingua galega na comunidade.

3.5 Para a igualdade

A educación da non discriminación por razón de sexo (tamén de raza, relixión, situación económica, orientación sexual, etc.), para que ningún membro se sinta desprazado e crear un espírito de axuda mutua que permita respectar os valores individuais e colectivos.

Ademais das medidas e recursos enumerados anteriormente, facilitarase a información necesaria para poder intervir na actividade do Centro, informarse ás institucións culturais das actividades e cantas accións administrativas ou académicas poidan resultar de interese xeral e xestionaranse eficazmente os recursos económicos atendendo á diversidade de obxectivos dos departamentos e necesidades do Centro.



4. Relacións con institucións, organismos ou entidades

O Conservatorio Profesional de Música da Coruña tenta ser un centro aberto que colabora con aquelas institucións, asociacións, organismos, etc., que requiran a nosa axuda para o desenvolvemento dos seus proxectos que sexan coherentes e que poidan considerarse de interese xeral para a cidadanía e para o noso alumnado. Neste senso, practicar un modelo de ensinanza que favoreza a interrelación do Conservatorio con outros centros culturais (teatros, institutos, colexios, Universidade, ONG, etc.) e manter o Centro aberto ás demandas sociais, organizando actividades musicais de toda índole, será unha das nosas máximas que contribuirá ao enriquecemento tanto dos distintos sectores do conservatorio como da propia cultura da cidade. Deste xeito tentarase:

1. A colaboración con institucións públicas ou privadas, facéndooas partícipes das actividades do Centro.
2. A colaboración con entidades sen ánimo de lucro, para a organización de concertos benéficos ou solidarios onde participe o alumnado e o profesorado. Isto favorece a formación integral do noso alumnado.
3. As relacións con entidades que programen actividades de interese cultural para o alumnado, incluso coa posibilidade de participación activa en tales actividades. Isto favorece a formación integral do alumnado.
4. Colaboración con institucións que permitan a participación activa do noso alumnado. Isto favorecerá a posta en práctica daquilo que están aprendendo no Centro. Os cauces para desenvolver estas relacións son os seguintes:
5. *Co Concello*: o representante do Concello no Consello Escolar e o/a director/a do Conservatorio como intermediario co Concello.
6. *Con outros centros educativos*:
7. *Cos conservatorios*, a través da dirección do Centro, do/a vicedirector/a e dos xefes de departamento organizando intercambios, concertos, etc.



8. *Con escolas de música, o/a director/a do Conservatorio pode manter reunións cos/as seus/súas representantes potenciando o acercamento mutuo.*
9. *Cos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral: a través da dirección do centro e/ou do/a vicedirector/a pódense promocionar as ensinanzas que se ofertan no Conservatorio.*

5. Oferta formativa

O Conservatorio Profesional de Música da Coruña é un centro de ensino musical dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia no que se imparten as materias correspondentes aos graos elemental e profesional das Ensinanzas de Réxime Especial de música reguladas, respectivamente, nos decretos 198/2007 e 203/2007.

5.1 Estudos de Grao Elemental

GRAO ELEMENTAL	
(DECRETO 198/2007 DO 27 DE SETEMBRO)	
CURSOS 1º, 2º, 3º e 4º	
Instrumento	60 minutos
Linguaxe Musical	120 minutos
Educación Auditiva e Vogal	60 minutos



5.2 Estudos de Grao Profesional

GRAO PROFESIONAL (DECRETO 203/2007 DO 27 DE SETEMBRO)		
CURSO	ACORDEÓN, CLAVE, ÓRGANO E PIANO	TEMPO LECTIVO SEMANAL
1º	Instrumento Linguaxe Musical Coro Conxunto	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora
2º	Instrumento Linguaxe Musical Coro Conxunto	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora
3º	Instrumento Harmonía Coro Conxunto Novas Tecnoloxías aplicadas á Música	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 1 hora
4º	Instrumento Harmonía Coro Conxunto Historia da Música Repentización e Acompañamento	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 2 horas 1 hora
5º	Instrumento Análise Coro Historia da Música Música de Cámara Repentización e Acompañamento	1 hora 2 horas 1 hora 2 horas 1 hora 1 hora
6º	Instrumento Análise Coro Música de Cámara Repentización e Acompañamento Itinerario Optativa	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 1 hora 1 hora 1 hora



CURSO	BAIXO ELÉCTRICO E GUITARRA ELÉCTRICA	TEMPO LECTIVO SEMANAL
1º	Instrumento Linguaxe Musical Coro Conxunto	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora
2º	Instrumento Linguaxe Musical Coro Conxunto	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora
3º	Instrumento Harmonía Coro Conxunto Novas Tecnoloxías aplicadas á música Piano Complementario	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 1 hora 0'5 horas
4º	Instrumento Harmonía Coro Conxunto Historia da Música Piano Complementario	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 2 horas 0'5 horas
5º	Instrumento Análise Coro Historia da Música Conxunto Piano Complementario Repentización e Acompañamento	1 hora 2 horas 1 hora 2 horas 1 hora 0'5 horas 0'5 horas
6º	Instrumento Análise Coro Conxunto Piano Complementario Repentización e Acompañamento Itinerario Optativa	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 0'5 horas 0'5 horas 1 hora 1 hora



CURSO	CANTO	TEMPO LECTIVO SEMANAL
1º	Instrumento Linguaxe Musical Idiomas aplicados ao canto Coro	1 hora 2 horas 1'5 horas 1 hora
2º	Instrumento Linguaxe Musical Idiomas aplicados ao canto Coro	1 hora 2 horas 1'5 horas 1 hora
3º	Instrumento Harmonía Idiomas aplicados ao canto Música de Cámara Piano Complementario	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 0'5 horas
4º	Instrumento Harmonía Idiomas aplicados ao canto Música de Cámara Piano Complementario Historia da Música	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 0'5 horas 2 horas
5º	Instrumento Análise Idiomas aplicados ao canto Música de Cámara Piano Complementario Historia da Música	1 hora 2 horas 1'5 horas 1 hora 0'5 horas 2 horas
6º	Instrumento Análise Idiomas aplicados ao canto Música de Cámara Piano Complementario Itinerario Optativa	1 hora 2 horas 1'5 horas 1 hora 0'5 horas 1 hora 1 hora



CURSO	GUIARRA	TEMPO LECTIVO SEMANAL
1º	Instrumento Linguaxe Musical Coro Conxunto	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora
2º	Linguaxe Musical Coro Conxunto	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora
3º	Instrumento Harmonía Coro Conxunto Novas Tecnoloxías aplicadas á música Piano Complementario	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 1 hora 0'5 horas
4º	Instrumento Harmonía Coro Conxunto Historia da Música Piano Complementario	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 2 horas 0'5 horas
5º	Instrumento Análise Coro Historia da Música Música de Cámara Piano Complementario Repentización e Acompañamento	1 hora 2 horas 1 hora 2 horas 1 hora 0'5 horas 0'5 horas
6º	Instrumento Análise Coro Música de Cámara Piano Complementario Repentización e Acompañamento Itinerario Optativa	1 hora 2 horas 1 hora 1 hora 0'5 horas 0'5 horas 1 hora 1 hora



CURSO	VENTO, PERCUSIÓN E CORDA FROTADA	TEMPO LECTIVO SEMANAL
1º	Instrumento Linguaxe Musical Orquestra/Banda Conxunto	1 hora 2 horas 1'5 horas 1 hora
2º	Instrumento Linguaxe Musical Orquestra/Banda Conxunto	1 hora 2 horas 1'5 horas 1 hora
3º	Instrumento Harmonía Orquestra/Banda Novas Tecnoloxías aplicadas á música Piano Complementario	1 hora 2 horas 1'5 horas 1 hora 0'5 horas
4º	Instrumento Harmonía Orquestra/Banda Historia da Música Piano Complementario	1 hora 2 horas 1'5 horas 2 horas 0'5 horas
5º	Instrumento Análise Orquestra/Banda Historia da Música Música de Cámara Piano Complementario	1 hora 2 horas 1'5 horas 2 horas 1 hora 0'5 horas
6º	Instrumento Análise Orquestra/Banda Música de Cámara Piano Complementario Itinerario Optativa	1 hora 2 horas 1'5 horas 1 hora 0'5 horas 1 hora 1 hora

Todo o alumnado do 6º curso deberá elixir como mínimo un Itinerario e unha Optativa.



6. Principios metodolóxicos e criterios de selección de material didáctico

Debido ás singularidades do ensino musical os principios metodolóxicos que aplicaremos nas aulas deberán contemplar as diferentes situacións coas que, como profesorado dun conservatorio, nos poderemos atopar. Atendendo a este punto de partida utilizaremos as seguintes metodoloxías:

- *Avaliación diagnóstica*, entendendo esta como a avaliación que se realiza para coñecer as condicións das que parte cada alumno/a.
- *Avaliación formativa*, que empregaremos para comprobar a evolución do alumnado durante o proceso de formación e que nos axudará, chegado o caso, a tomar as medidas correctoras que sexan precisas.
- *Planificación personalizada*: o profesorado programará o traballo do alumnado en función das súas necesidades específicas e tendo sempre en conta os requisitos mínimos esixibles estipulados nas diferentes programacións didácticas.

No tocante á selección de material didáctico e do mesmo xeito que falabamos anteriormente polas características propias de cada materia instrumental, *cada departamento elaborará a relación de material didáctico que mellor considere para acadar con éxito tanto os obxectivos e contidos xerais como os específicos de cada curso e especialidade.*

7. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas

Atendendo ao establecido no decreto 223/2010 a respecto do seguimento das programacións didácticas o Claustro do Conservatorio Profesional de Música da



Coruña acorda establecer as seguintes directrices xerais para a elaboración e seguimento das mesmas:

1. Elaborar documentos que se estruturen seguindo o modelo establecido no punto 3 do artigo 42 do citado decreto procurando que sexan sinxelos, útiles e claros.
2. Establecer como método de seguimento das programacións didácticas a celebración, cando menos unha vez ao mes, de reunións de departamento que inclúan este punto na orde do día sen prexuízo dos métodos de seguimento que, particularmente, poida establecer cada departamento didáctico.

8. Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Elabóranse as seguintes directrices para a programación e desenvolvemento de actividades formativas complementarias dirixidas ao alumnado que pasan por cumprir o seguinte decálogo:

- 1º O fin de calquera actividade que realice o alumnado será o de completar a súa formación musical, particularmente en todo o relacionado co feito escénico.
- 2º Non poderán primar outros intereses diferentes aos formativos á hora de promover actividades para o alumnado, e moito menos intereses de tipo económico.
- 3º As revisións anuais das programacións didácticas de cada materia deberán contemplar as actividades formativas complementarias que teñan carácter obrigatorio para o alumnado, así como os criterios de avaliación e cualificación das mesmas.
- 4º O fin primordialmente formativo destas actividades conxugarase co da promoción do Conservatorio Profesional de Música, motivo polo que, na súa maior parte, deberán celebrarse no propio Centro.
- 5º Considerándose unha extensión da labor educativa do Conservatorio, favorecerase



a realización de actividades no marco doutros centros educativos: conservatorios, escolas de música, colexios, institutos... En calquera caso, o desenvolvemento destas actividades non suporá unha interrupción do plan de traballo da materia que poida dificultar a consecución dos obxectivos fixados para o curso.

- 6º A realización de actividades noutros marcos diferentes ao educativo terá carácter ocasional -co fin de non sobrecargar ao alumnado-, e se xustificará sempre desde o punto de vista formativo, de motivación do alumnado, e de promoción do Conservatorio. Do mesmo xeito que no punto anterior, o desenvolvemento destas actividades non suporá unha interrupción do plan de traballo da materia que puidese dificultar a consecución dos obxectivos fixados para o curso.
- 7º Cando se programen actividades compartidas con outros entes, estas deberán conservar o fin eminentemente formativo e repercutir de maneira constatable na motivación do alumnado. Desenvolveranse, salvo excepcións, no marco da cidade.
- 8º Se a realización dalgunha actividade formativa complementaria xerese algún tipo de contra prestación económica, será sempre o Conservatorio quen perciba o diñeiro e o destine a sufragar os posibles gastos que ocasionase o desenvolvemento da mesma.
- 9º En ningún caso as actividades que con carácter ocasional poidan programarse en marcos diferentes ao educativo resultarán substitutivas de ciclos ou programas de carácter profesional, evitando converter ao noso Centro formativo nunha axencia de contratación “low cost”.
- 10º As actividades formativas complementarias poderán ser promovidas polo Equipo Directivo, os departamentos didácticos ou o profesorado. En calquera caso, programaranse contemplando as directrices expostas nos puntos anteriores e deberán contar coa autorización expresa do Consello Escolar.

Polo tanto, sabedores de que a ensinanza da música ten un carácter eminentemente práctico o Conservatorio promoverá a realización de actividades complementarias e extraescolares dirixidas a enriquecer a formación do alumnado. A organización destas



actividades -audicións, concertos, intercambios, exposicións, conferencias, publicacións, etc.- será proposta polo profesorado ou departamentos do Centro á vicedirección que será a encargada de coordinalas.

Por outra banda, coñecendo tamén a importancia que ten na formación do noso alumnado a posibilidade de recibir consellos de profesores e profesoras de recoñecido prestixio nacional e internacional, o centro organizará, en colaboración cos distintos departamentos didácticos, diferentes cursos de técnica e interpretación musical. A pesares de que a realización destes cursos ocupa un lugar destacado na liña de traballo do Centro, tendo en conta que a organización dos mesmos supón un importante esforzo estará supeditada á demanda que teñan e á dispoñibilidade económica existente en cada momento.

No tocante ás actividades de promoción das ensinanzas o Conservatorio deberá organizar actividades que axuden a dar a coñecer a oferta educativa do Centro e a incrementar o volume de alumnado, facendo especial fincapé naquelas especialidades que sexan menos demandadas.

Igualmente compre subliñar que este tipo de actividades pretenden tamén enriquecer a oferta cultural da cidade, amosar o Centro coma un organismo dinamizador da vida cultural e facer do Conservatorio unha institución máis coñecida e mellor valorada.

9. Directrices para o funcionamento adecuado das titorías

As funcións de titoría e orientación académica e profesional do alumnado forman parte da función docente e recaerá preferentemente no profesorado da especialidade. A todo o alumnado asígnaselle un/ha profesor/a titor/a, figura que recae sobre o/a responsable do ensino da especialidade instrumental. O/A titor/a terá a responsabilidade de informar e orientar o proceso de ensino e aprendizaxe ao alumnado e ás familias, de procurar a coherencia do proceso educativo e facilitar a participación activa do alumnado no Centro.



O profesorado é o encargado de executar este plan, en colaboración cos equipos docentes (xuntas de avaliación, Departamentos, xefatura de estudos). A figura do profesorado titor non exclúe a concepción da acción titorial como acción colectiva na que participa todo o profesorado que conforma o equipo educativo de cada alumno/a, actuando o profesorado titor como coordinador dese equipo de profesorado non titor.

Por todo iso, tanto o profesorado titor como o non titor disporá dun horario de titoría, no primeiro caso, e de atención a pais e nais nos dous casos. Tamén se planificarán accións titoriais ao longo do curso de periodicidade polo menos dunha en cada avaliación.

A comezos do curso académico, a xefatura de estudos publicará o horario de atención do profesorado.

Considerando que a acción titorial é un compoñente básico da actividade docente, o Claustro do Conservatorio Profesional de Música da Coruña acorda establecer as seguintes directrices para o adecuado funcionamento das titorías:

1. Entendendo que o profesorado titor é o encargado de coordinar o traballo do equipo de profesores/as que atende a cada un dos/as seus/súas alumnos/as, este deberá manter contacto regular cos mesmos para facer un seguimento da evolución académica do seu alumnado.
2. Recoméndase ao profesorado titor que, independentemente do rendemento académico do seu alumnado, manteña, cando menos, unha reunión trimestral cos/as pais, nais ou titores/as legais do mesmo para mantelos informados da súa evolución académica.
3. Proporcionarase información e orientación académica sobre os itinerarios educativos e materias optativas.
4. Orientarase e asesorarase ao alumnado sobre a súa traxectoria académica e posibilidades profesionais.

10. Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e xestión do centro

10.1 Dos proxectos pedagóxicos

O establecemento de métodos de avaliación e diagnóstico permanente do sistema educativo proporciona un coñecemento preciso dos cambios cualitativos e cuantitativos que se producen no proceso de ensinanza-aprendizaxe, brinda uns fundamentos firmes na toma de decisións polas autoridades educativas e informa aos centros e profesores/as sobre o seu propio funcionamento, contribuíndo así, a mellorar a súa práctica educativa.

A avaliación non consiste noutra cousa que na reflexión valorativa e sistemática acerca do desenvolvemento e o resultado das accións emprendidas.

A proposta de autoavaliación do Conservatorio Profesional de Música da Coruña, impulsada polo Equipo Directivo, ten catro eixos principais:

1. Autoavaliación global do Centro:

O profesorado individualmente avaliará os apartados que se describen a continuación para recoller conclusións xerais elaboradas polos equipos docentes nas preceptivas xuntanzas.

2. Seguimento das actividades da Programación Xeral Anual:

Avaliaranse os seguintes apartados: obxectivos xerais do centro, órganos de goberno, aspectos xerais da Programación Xeral Anual, actividades docentes.

3. Reflexión individual:

Teranse en conta os seguintes aspectos: obxectivos e contidos, criterios de avaliación, principios metodolóxicos, recursos didácticos e acción tutorial.

4. Autoavaliación dos resultados académicos:

Realizada individualmente por cada profesor/a, analizará o número de alumnos/as, a porcentaxe de aprobados e suspensos e as propostas de mellora.



10.2 De funcionamento

A proposta de avaliación neste aspecto podería orientarse á observación do funcionamento dos distintos órganos de goberno, órganos de coordinación docente e persoal non docente para valorar o seu rendemento. Así a avaliación detectará os erros e as deficiencias podendo adoptar medidas de corrección oportunas para unha mellor adecuación á realidade e necesidades do centro.

Por outra banda a avaliación dos distintos documentos do centro distribuídos nas dúas seccións organizativa e pedagóxica, levarase a cabo mediante a análise de cada unha das liñas que neles se describen. Desta maneira pódese detectar tamén se se cumpre cos obxectivos, medidas, actividades, etc., previstas e poder así corrixir as deficiencias detectadas.

O grao de coñecemento dos documentos por parte da comunidade educativa, e a coherencia dos mesmos co entorno do Centro, coa estrutura, coa organización, coas materias que nel se imparten, etc., é fundamental para a posta en marcha da avaliación, e o procedemento debe pasar pola avaliación por parte dos distintos sectores (Consello Escolar, Claustro, Comisión Pedagóxica) para que podan facer propostas de mellora que o Equipo Directivo analice e incorpore nos mesmos, se o informe é favorable.



	DOCUMENTOS DO CENTRO
ORGANIZATIVOS	PXA
	MEMORIA ANUAL
	NOF
	PROXECTO DE XESTIÓN
PEDAGÓXICOS	PEC
	PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS
	PROXECTO LINGÜÍSTICO
	PROGRAMA LINGÜA GALEGA
OUTROS	PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
	PROXECTO LECTOR
	PLAN DE IGUALDADE
	PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
	PLAN DIXITAL
	PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN

10.3 De xestión

O Conservatorio Profesional de Música da Coruña, no exercicio da súa autonomía, ten a facultade de xestionar a súa propia actividade económico-financeira. Esta facultade concrétase na elaboración do Proxecto de Xestión que debe ser aprobado polo Consello Escolar que ademais velará polo seu cumprimento.

Dado que o Proxecto de Xestión recollerá a ordenación e utilización dos recursos do centro (utilización e ordenación do orzamento, medidas de conservación e renovación das instalacións e do equipamento, e calquera outro aspecto relativo á xestión económica) o plan de avaliación do mesmo irá encamiñado a establecer unhas liñas de análise, observación e avaliación dos puntos citados.

1. Con respecto ás instalacións (as infraestruturas de espazos, o seu estado, a súa dotación e a súa organización) poden valorarse como suficientes, adecuadas,



favorables, etc., ou todo o contrario: insuficientes, desfavorables, inadecuadas.

2. Do mesmo xeito podemos valorar se a dotación instrumental e a dotación da biblioteca son suficientes ou non.
3. Se os recursos de apoio (fotocopiadoras, reprodutores CD, medios informáticos...) son suficientes e axeitados, e se o seu uso está ben organizado.
4. Se o orzamento do centro se distribúe de acordo á lexislación vixente.
5. Se os gastos de funcionamento se presentan de xeito claro e transparente.

11. Plan de utilización das tecnoloxías da información e da comunicación

Véxase o documento en CentrosNet.

12. Proxecto lingüístico

Véxase o documento en CentrosNet.

12.1 Proxecto Lingüístico Sección Bilingüe

Véxase o documento en CentrosNet

13. Plan de internacionalización

Véxase o documento en CentrosNet. Solicitud de acreditación pendente de aprobación.